

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E O INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS – CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS (IIM-CSIC) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “ESTUDO INTEGRAL DAS CONDICIÓN S SEDIMENTARIAS ÓPTIMAS PARA A MELLORA DA PRODUTIVIDADE DE BIVALVOS EN BANCOS MARISQUEIROS: CONDICIÓN S HIDRODINÁMICAS, XEOMORFOLÓXICAS, TEXTURAI S E BIOXEOQUÍMICAS. MARISLAB”.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou co Instituto de Investigacións Mariñas – Consejo Superior de Investigaciones Científicas (IIM-CSIC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal (REOICO) e finalizará o 20 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar e o IIM-CSIC para determinar a proporción óptima entre area e lodo en sedimentos e os factores bioxeoquímicos que favorecen a presenza e crecemento de especies explotables de bivalvos en bancos marisqueiros, a través do estudo da correlación entre os forzantes físicos oceanográficos, as propiedades texturais e bioxeoquímicas dos sedimentos e a abundancia de bivalvos, e acadar os obxectivos da proposta:

- Creación da primeira caracterización multifactorial (sedimental, dinámica e biolóxica) dos bancos marisqueiros de Campelo e Praceres e analizar a súa influencia sobre a produtividade das tres especies de bivalvos explotadas (*Ruditapes decussatus*, *Ruditapes philippinarum* e *Cerastoderma edule*).





Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] - OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

- Determinación da porcentaxe óptima de sedimentos finos que pode ser utilizada para a creación e alimentación de novos bancos marisqueiros provinte de operacións de dragaxe.
- Determinación da dinámica bioxeoquímica explicativa da composición granulométrica óptima para a produción de bivalvos observada no banco marisqueiro de Campelo.
- Determinación dos patróns morfodinámicos baixo diferentes condicións atmosféricas e oceanográficas, buscando as zonas máis estables e as máis dinámicas dentro dos bancos marisqueiros.
- Desenvolvemento dun protocolo específico para a circulación de información que promova a difusión efectiva dos resultados ao sector marisqueiro, a través da implementación de seminarios ou talleres en colaboración coas confrarías, co fin de intercambiar información e datos relevantes.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

- Por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia.
- O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 21-27: "Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas ma-





Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFP001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] - OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

riños". Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a "fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos", desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

- Os proxectos aprobados pola citada Rede financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
- Na xuntanza ordinaria da Rede celebrada o 30 de xullo de 2024, esta valorou positivamente a realización dun Convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e o IIM-CSIC para determinar as características óptimas sedimentarias asociadas as maiores produtividades das principais especies de bivalvos explotadas nos bancos marisqueiros (berberecho, ameixa xapónica e ameixa fina) e os procesos hidrodinámicos, xeomorfolóxicos, sedimentarios e bioxeoquímicos relacionados con ditas características, considerando a realización da proposta presentada, aliñada coa finalidade da Rede, de interese para os seus participantes e para o sector pesqueiro en particular, así coma para o ben común e interese xeral.
- A Consellería do Mar e o IIM-CSIC consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan determinar as características óptimas sedimentarias asociadas as maiores produtividades das principais especies de bivalvos explotadas nos bancos marisqueiros (berberecho, ameixa xapónica e ameixa fina) e os procesos hidrodinámicos, xeomorfolóxicos, sedimentarios e bioxeoquímicos relacionados con ditas características. A información derivada deste proxecto proporcionará unha avaliación do estado actual e evolución dos recursos e actividade pesqueira que proporcionará á Consellería do Mar e resto de integrantes da Rede o coñecemento necesario para mellorar a súa xestión e asegurar a sustentabilidade da pesca artesanal en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





*Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] - OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro*

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña

